

## AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

**RESOLUCIÓN do 5 de setembro de 2016, pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos ao proceso para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, convocados pola Resolución do 8 de agosto de 2016.**

Unha vez transcorrido o prazo de presentación de instancias previsto no apartado 6 da convocatoria, toda vez que as solicitudes recibidas cumpren os requisitos esixidos pola mesma, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, tal e como establece o punto 7 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado por Resolución do 8 de agosto de 2016 (DOG núm. 155, do 18 de agosto), esta Dirección

### RESOLVE:

Declarar admitidos a tódolos candidatos que se presentaron ao proceso para a cobertura dos postos de persoal investigador da Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido. Como anexo á presente resolución recóllese a lista definitiva de admitidos e excluídos.

De acordo co punto 7 parágrafo 2º das bases da convocatoria, a relación de aspirantes admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Galega de Innovación ([gain.xunta.gal](http://gain.xunta.gal)), na epígrafe Axencia/Procesos Selectivos/ Procesos selectivos ano 2016.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega de Innovación, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2016

O director da Axencia Galega de Innovación

P.O. do 8/07/2016 (DOG núm. 131 do 12/07/2016)

O secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria

  
Borja Vereza Fraiz

## ANEXO

### LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

**DOMINIO ERC:** Ciencias Físicas e Enxeñería

**ANO DA CONVOCATORIA:** 2016

**PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** Diario Oficial de Galicia do 18 de agosto (Núm. 155)

**DATA DO LISTADO:** 5 de setembro de 2016

**ADMITIDOS:**

APELIDOS	NOME	DNI
Martinez Santos	Diego	34638340H

**DOMINIO ERC:** Ciencias Sociais e Humanidades

**ANO DA CONVOCATORIA:** 2016

**PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** Diario Oficial de Galicia do 18 de agosto (Núm. 155)

**DATA DO LISTADO:** 5 de setembro de 2016

**ADMITIDOS:**

APELIDOS	NOME	DNI
Ojea Fernández-Colmeiro	Elena	36172910M